



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 24 DE NOVEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día 24 de novembro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anteriores, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS DEPURADAS POR INFILTRACIÓN NO TERREO PROCEDENTES DA E.D.A.R. DE BRATES.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada n^o. 1522 con data 07/11/2011 no que se comunica a autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas por infiltración no terreo procedentes da E.D.A.R. de Brates.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ASUMIR A DELEGACIÓN EN MATERIA D XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERES XERAL..

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada n^o. 1531 con data 08/11/2011 no que se comunica a posibilidade de asumir a delegación en materia de xestión, inspección e recadación da taxa poloa utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO SUBVENCIÓN PROGRAMA ANIMADORES CULTURAIIS MUNICIPAIS PARA O ANO 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1532 con data 08/11/2011 no que se comunica o aboamento da cantidade de 7.500 euros en concepto do programa de animadores culturais para o ano 2010.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº. 1756 con data 22/11/2011 no que se comunica a concesión dunha subvención para a financiación dunha partes dos custos laborais totais derivados da prórroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento lcoal ppor importe de 22.764,62 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- NOTIFICACIÓN PAGAMENTO DE ADQUISICIÓN VEHÍCULO ADAPTADO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por Axencia Galega de Desenvolvemento Rural AGADER da Consellería de Medio Rural, rexistro de entrada nº. 1749 con data 21/11/2011 no que se comunica a notificación de pagamento da adquisición de vehículo adaptado por importe de axuda 103.329,03 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- OFICIO COMUNICACIÓN PROCEDEMENTO 18/2008 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DA CORUÑA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, rexistro de entrada nº. 1759 con data 23/11/2011 no que se comunica a resolución de requirimento para informar ao Xulgado cada quince días sobre o estado do cumprimento da execución da sentenza dictada no PO 18/08.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓN.

3.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 9/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1728, con data 17/11/2011, presentada por D. Alfonso Lorenzo Otero con domicilio a efectos de notificación no lugar de Barrio núm. 11, parroquia de Dorneá, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Barrio 11, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Alfonso Lorenzo Otero, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Barrio 11, parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 10/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1752, con data 22/11/2011, presentada por D^a. Elisa María Bao Castro con domicilio a efectos de notificación no lugar de Viladóniga núm. 2, parroquia de Boimorto, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Viladóniga 2, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. Elisa María Bao Castro, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Viladóniga 2, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 83/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1525, con data 06/10/2011, presentada por D^a. María Vázquez Souto, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casal 5, parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Casal, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D^a. María Vázquez Souto, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Casal, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.4.- SOLICITUDE BAIXA NO PADRÓN DE LIXO E SUMIDOIROS DO LOCAL ADICADO A NEGOCIO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1554 con data 11/11/2011, presentada por D. José Manuel Santos Fernández, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Canto do Balo, 22 1º da parroquia de Arceo, deste termo municipal, no que expón que sendo propietario dun local sito no lugar de Canto do Balo nº 22 baixo dedicado a local de negocio e habendo cesado dito negocio con data 5 de xullo de 2011, solicita se dé de baixa nas facturacións de lixo e rede de sumidoiros en concepto de negocio.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo así como a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa no Padrón de lixo o local comercial sito no lugar de Canto do Balo nº 22 baixo da parroquia de Arceo ao haber cesado na actividade con data 25 de febreiro de 2011, que surtirá efectos a partir do 01/12/2011.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.5.- AUTORIZACIÓN CAMBIO DE MATERIAL SERVIZO PÚBLICO DE VIAXEIROS

Vista a solicitude formulada por D. Luis Raposo Rodríguez, con domicilio a efectos de notificación no número 11 do lugar de Outeiro, pertencente á parroquia de Corneda, Boimorto, A Coruña, con DNI núm. 32752498S, titular da Licenza Municipal nº 10, Clase B) “Autoturismo”, no que solicita autorización para realizar a renovación de material e substitución do vehículo adscrito ao Servizo Público de transporte de viaxeiros, marca Renault 19.9, matrícula C-3844-BF, de cinco prazas, polo de nova adquisición, marca Renault Z/LZBD Fluence, matrícula 6956 HHB, de cinco prazas, nº de bastidor VF1LZBD0645990218; e de acordo co disposto no Regulamento Nacional de Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes de Automóbiles Lixeiros, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao solicitante a efectuar a devandita renovación, debendo causar baixa o vehículo substituído a tódolos efectos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.6.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DA ASOCIACIÓN AMARAI.

Vista a instancia de data 16/11/2011 subscrita por D. José Luis Costoya Quintela con DNI núm. 78787412S, actuando en calidade de presidente da Asociación de persoas con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) con CIF G15637325, na que solicita autorización para realizar na actividade de deporte unhas xornadas de baloncesto no polideportivo municipal deste Concello, un venres cada quince días dende as 15:15 a 16:15 horas do que queda de ano 2011 e en igual horario e día para o vindeiro ano 2012, solicitando ao mesmo tempo a exención do pago da taxa pola utilización da pista polideportiva municipal.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do polideportivo municipal á Asociación de persoas con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) para realizar unhas xornadas de baloncesto tal como se sinala nos considerandos.

SEGUNDO.- Conceder a exención do pagamento da taxa por utilización do polideportivo municipal segundo o artigo 5 f) da Ordenanza fiscal nº10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, por tratarse dunha actividade deportiva por unha entidade sen ánimo de lucro con carácter benéfico social.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.7.- AUTORIZACIÓN CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A FRUTERÍA

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1526 con data 7/11/2011, presentada por D^a. María del Carmen Quintela Vázquez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casal, 5 parroquia de Brates, deste termo municipal, interesando cambio de titularidade de negocio dedicado a frutería con emprazamento na rúa Gándara, 47, Baixo, Boimorto, cuio titular anterior foi Frutas Gallego e Hijos, S.L., con CIF B15437361.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da licenza outorgada en data 26/11/2004 de apertura de establecemento de frutería en favor de D^a. María del Carmen Quintela Vázquez con domicilio no lugar de Casal, 5 parroquia de Brates, Boimorto, A Coruña.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.8.- LICENZA PARA A PLANTACION DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 90 NA PARROQUIA DE BRATES, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. ERMITAS MOSQUERA TABOADA.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de Dna. Ermitas Mosquera Taboada, en posesion do DNI núm. 33132864F e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Vilar, 11 parroquia de Sendelle, pertencente a este término municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1555 de data 12/11/2011 para a plantación de eucaliptos variedade Nitens Tallaganda na finca nº 90 na parroquia de Brates.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 16/11/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 12 de novembro de 2.011, número de rexistro 1.555, Dna Hermitas Mosquera Taboada, solicitou ante o concello de Boimorto a plantación de eucaliptos variedade Nitens Tallaganda na finca nº 90 da concentración parcelaria de Brates e Mercurín, cun marco de plantación 3x3.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela mencionada con anterioridade está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal, atopándose as plantacións entre os usos permitidos no artigo 76.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a

500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: Hermitas Mosquera Taboada
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto Nitens Tallaganda
- Parcela 90 concentración parcelaria de Brates e Mercurín.
- Densidade: 3 x 3.

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1

	Eucaliptos
Vivendas	50 m
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

No relativo ás pistas e camiños, as plantacións deberás respectar as distancias establecidas no artigo 43 para os cerramentos das fincas. Neste caso, ao tratarse dunha vía de tipo III e atoparse en solo rústico, as distancias serán de 4 m. ao eixe da vía, deixándose unha distancia de 1,50 m. ao bordo exterior da gabia, se esta está construída e a distancia resultara maior que as anteriores.

Os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
90	Forestal	1,1611

A solicitude presentada se axusta ao establecido nos artigos 76 e 41.2 do PXOM, así como na lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 16 de novembro de 2.011.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a Dna. Ermitas Mosquera Taboada, en posesión do DNI núm. 33132864F para a plantación de eucaliptos variedade Nitens Tallaganda na finca nº 90 da parroquia de Brates, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.9.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 30-12-2011

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Jose Luis Costoya Quintela con DNI 78787412S en calidade de presidente de AMARAI, e con domicilio no lugar de Agra da Tosta Santa Maria Arzúa, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 30/12/2011 de 10:00 a 18:00 h da noite para festival de fin de curso 2011 e festa de nadal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

ÚNICO.- Autorizar á D. Jose Luis Costoya Quintela, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día .30/12/2011 de 10:00 a 18:00 h da noite.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionadoras oportunas.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 51/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA E COLOCACIÓN DE CANOS E BAIXANTES NA VIVENDA SITA EN CARBALLIDO Nº 1, PARROQUIA DE BRATES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^a. MARÍA DEL CARMEN SANDÁ CARDELLE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D^a. María del Carmen Sandá Cardelle, con DNI núm. 33212944R, e con domicilio para os efectos de notificación no número 1 do lugar de Carballido, parroquia de Brates, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 743 de data 9/06/2011 para a substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en Carballido nº 1, parroquia de Brates (solo rústico) segundo memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 9/11/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1982.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D^a. María del Carmen Sandá Cardelle, con DNI núm. 33212944R (LO51/2011) para a substitución do material de cuberta e colocación de canos e baixantes na vivenda sita en Carballido nº 1, parroquia de Brates (solo rústico) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **5.481,00 Euros.**

Liquidación 2%: **109,62 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 52./2011) PARA RENOVACIÓN DO REVESTIMIENTO EXTERIOR DAS FACHADAS DA VIVENDA SITA NA RÚA ASIENTOS Nº 7 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL VEIGA MATO.

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Manuel Veiga Mato, con DNI nº 33126036X, e con domicilio para os efectos de notificación no número 7 da rúa Asientos do núcleo de Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 708 con data 7/06/2011, para a renovación do revestimento exterior das fachadas da vivenda sita na rúa Asientos nº 7 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo memoria descriptiva presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 09/11/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1980.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D. Manuel Veiga Mato, con DNI nº 33126036X (LO 52/2011), renovación do revestimento exterior das fachadas da vivenda sita na rúa Asientos nº 7 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- A pintura da fachada será en tons próximos ao branco, pardo ou crema e, en calquera caso, semellantes aos empregados ao lugar.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **1.195,50 €**

Liquidación 2%: **23,91 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Veiga Mato, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 53/2011) PARA A CONSTRUCCIÓN PARCIAL DO CERRE DA FINCA NÚMERO 186 DO POLÍGONO 22 DO CATASTRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL DEL RÍO QUEIRO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel del Río Queiro, con DNI núm. 44849195T, actuando en representación da sociedade Río Queiro, S.L., con CIF nº B-70206289, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de As Casillas, nº 5, parroquia de Ordes, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1205 de data 12/08/2011 para a construción parcial do cerre da finca número 186 do polígono 22 de catastro (solo rústico) segundo estudo técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. José Luis Martínez Sanjurjo, colexiado nº 596.

Con data 22/08/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 05/09/2011, rexistro de entrada 1267 por D. Manuel del Río Queiro presenta “Documentos de subsanacións” redactado polo mesmo técnico, no que se emendan as observacións feitas polos servizos técnicos municipais.

Tendo en conta que as obras contan con autorización do departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña (expediente 1223/11).

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 14/09/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel del Río Queiro, en representación de Río Queiro, S.L., con CIF nº B-70206289 (LO 53/2011) para a construción parcial do cerre da finca número 186 do polígono 22 de catastro (solo rústico) segundo estudo técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. José Luis Martínez Sanjurjo, colexiado nº 596, xunto con subsanación de documentación de data 05/09/2011 nº de rexistro 1267.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **4.209,72 Euros**.

Liquidación 2%: **84,19 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.2. OBRAS E SERVIZOS

4.2.1. INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE (Expdte: CSPNSP3/2011)

Visto o expediente de contratación do servizo de “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto”, constando no expediente informe de data 24/11/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 15.22706.

Visto o informe de secretaría de data 24/11/2011 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares e técnicas que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade no marco da Lei de contratos do sector público 30/2007 de 30 de outubro.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 93 da LCSP xustifícase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local.

A Xunta de Goberno Local con competencias delegadas en materia de contratación pola Alcaldía, en aplicación do disposto no artigo 94 e na disposición adicional 2ª da Lei 30/2007 de contratos do sector público por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o expediente de contratación do servizo de a obra de “Asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto”, cun importe de execución por contrata de 24.000 euros anuais, unhs anualidade (28.320,00 € ive incluído) por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do servizo, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación os Pregos de Cláusulas Administrativas Particuoares e Técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste servizo non suxeito a regulación armonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

TERCEIRO.- Incorporado ó expediente informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa e informe de Secretaria aprobar o expediente, autorizando o gasto sobre a partida 15.22706 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2011.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 295.1 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación solicitando oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realiza-la adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: Singla Ingeniería S.L. con CIF B15678626, Consulting e ingeniería Internacional S.L. (CIISA) con CIF A15086994e a Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) con CIF A15056468.

4.2.2.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE TRANSPORTE AO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o 27/10/2011 acordou comunicar a empresa Autos Ricos SL. o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizos de transporte ao Centro Municipal de Maiores asinado o 24/07/2008 prorrogado o 29/10/2010 para resolver o contrato con efectos de 24/07/2011, notificada a dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, recibida notificación según acuse de recibo o 23/11/2011 rematando o prazo para presentar alegacións o 05/12/2011.

Con rexistro de entrada nº 1762 de data 23/11/2011 recibíuse escrito de Autos Rico S.L. comunicando que non solicita audiencia xa que dita resolución non causa ningún perxuízo á empresa, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Acordar a resolución do contrato de servizo de transporte ao Centro Municipal de Maiores asinado o 24/07/2011 prorrogado o 24/07/2011 coa empresa Autos Ricos S.L.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº	De-	Im	
Factura / Data	Titular NIF/CIF	scrición	porte
Tickets 07/11/11 17/11/11□	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña para levar á Deputación memorias de obras Peaxe viaxe a Coruña para pedir presuposto de materiais para obras	3,00 € 1,50€
03827-30/08/11 003843-30/09/11	Fernando J. Sánchez García 76505509-B	Material para obra de calefacción casa da cultura Material para obra de calefacción casa da cultura	390,07€ 2.518,30€
FV/112780-31/10/11	Ramón Pampín Bango S.L. B15290430	Aislante para obra de calefacción casa da cultura	5,56€
Liquidación número fíxo 2011/12987	Deputación Provincial□	Taxa publicación anuncio BOP aprobación inicial expediente de modificación de créditos 14/2011	81,91 €
117/11/14-11-11	Jose Luis Carril Ramos 33254429V	Tapizar e espumar asientos Mitsubishi	89,68 €



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

C/11003025/22-11-11	ISTEGA SL B15576085	Material para arranxar aspirador e <input type="checkbox"/> chave de martello eléctrico	11,87 €
21/11-11-11	Angeles Iñiguez Casal 76517968G	Bolos de pan para magosto	40,00€
64/11/15-11-11	Patricia M ^a Martínez Rodríguez 77402545R	Curso de arte: Debuxo e pintura para adultos	730,00 €
65/11/15-11-11		Curso de arte: Debuxo e pintura para adultos	640,00€
66/11/15-11-11		Curso de Risoterapia	740,00€
67/11/15-11-11		Obradoiros de Animación á lectura	400,00€
68/11/15-11-11		Material obradoiros biblioteca -Actividades culturais Deputación 2011-	200,00€
F057/011/10-11-11	Construcciones González y González S.L. B15165004	Obra "Reparación de pista polideportiva no patio exterior do CPI Armando Cotarelo Valledor" -Deputación Deportes 2011-	13.481,47€
F058/011/10-11-11		Obra "Substitución del alumado público no Campo da Feira" - Deputación Cultura 2011-	13.991,87€
0411053114/21-10-11	APPLUS NORCONTROL S.L.U. B15044357	Inspección periódica reglamentaria ascensor casa consistorial	100,30 €
3295073733/22-11-11	Generali España S.A. A28007268	Seguro vehículo Microbus 5002HHB período 17/11/11 ata 17/11/12	1.258,09 €
7185/02-11-11	Oli-Servi S.L. B15202583	Reparación impresora, encadernadora e destructora	192,20 €
4000811500/31-10-11 <input type="checkbox"/>	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de outubro 2011	279,38 €
23/15-11-11	Aprende Academia S.L. B70130232	Curso de informática 3 ^a idade. Centro de Maiores	500,00€
24/15-11-11		Deseño gráfico e nvoas tecnoloxías -Deputación Subv. Activ. Culturais 2011-	480,00€
100.407/31-10-11	Vehículos, Equipamientos y Carroerías Prieto - Puga S.L.	Man de obra e material vehículo camión lixo matrícula 7428FJK	513,89 €
J/3049/28-10-11	Recambios Barreiro S.L.U. B15060106	Taco lateral para vehículo Mitsubishi C7737BJ	36,77€
789/10-10-11	Agromecanica Vicente García e Hijos S.L. B15162910	Mantemento e reparación do tractor e desbrozadoras	5.036,91 €
0619/E11/31/10/11	Talleres San Fins S.L. B15432453	Revisión cambio aceite/filtros vehículo furgoneta 91114FDM	154,04 €
OFFV11/5178/31-10-11	OFIREYCO S.L. B15342702	Material de oficina	39,74 €

11/747/03-11-11	Remuiño Servicios XXI S.L. B15873193	Tambor para OKI C5600 Magenta	129,92€
77.374/31-10-11	Recambios Santiagueses S.L. B15214349	Filtros de aceite e combustible para camión lixo	55,50€
83/2011/08-11-11	Logística del espectáculo S.L. B15510605	Aluguer cadeiras Certame de Reis 2011	400,00€
T1104789/16-11-11	Autos Lobelle S.L. B15718075	Mantemento vehículo protección civil 5835GZM	193,14€
455/08-11-11	Hermanos Vázquez S.L. B15643315	Reparación roda tractor	40,00€
870/31-11-11	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo e gasolina para cortacésped e tractor	387,68€
773/30-09-11		Gasolina para cortacésped	65,00€
D-851/25-10-11		Gasoleo para automóviles	2.925,00€
A12.770/31-10-11	Maquinaria Casalonga S.L. B15718489	Material reparación cortacésped	92,19€
380474761/02-11-11	MAFRE FAMILIAR Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. A28141935	Póliza seguro tractor E 6306BCB do 29/10/2011 a 29/10/2012	116,84 €
5/01108175/25-10-11	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH. C353 oficinas municipais	248,33 €
5/01108176/25-10-11		Mantemento fotocopiadora K-7022 servizos sociais	24,28 €
017/2011/02/11/11	Fademur / B-86270477	30% de haberes das actuacións de coordinación e formación correspondentes ao programa formativo AURORA mes de outubro 2011	3.600,00 €
AR302020/30-10-11 □	ABM-REXEL S.L.U. B-28262822	Material para alumeadado público	619,71 €
JD/3093/19-11-11	Fripor S.L. B15128143	Tira frimancha refrixerada para agosto	612,44 €
2011/2649/31-10-11	Sogama / A-15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de outubro 2011	2.786,16 €
11/210819/31-10-11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L./B15467962	Recollida e xestión de residuos sólidos	90,72 €
9507273519/31-10-11 □	KONE Elevadores S.A. A-28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de outubro 2011	221,18 €
A/706/28-09-11	Autos Rico, S.L. B15157357	Servizo de transporte prestado ao centro municipal de maiores durante o mes de setembro 2011	1.250,00 €
124/11/31-10-11	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de outubro de 2011	2.450,00 €
125/11/31/10-11		Asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde de proxectos de obras municipais outubro 2011	833,33€
590.043/02-11-11	Ascensores Enor, S.A. A36650992 □	Mantemento ascensor casa consistorial novembro 2011	311,71€
590.672/02-11-11		Mantemento ascensor miniresidencia novembro 2011	304,65€
2184/31-10-11	Serlimat Española, S.L.	Servizo de mantemento de lim-	



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

	B-15535875	peza mes de outubro 2011	2.585,11 €
002240/14-11-11	Andrade, S.L. / B-15989692	Cuota bimestral servizos de desinsectación e desratización edificios titularidade municipal	347,57 €
Recibo: 08/11/11	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A./ A-65067332	Recibo de subministro de luz baixo do Concello	22,82 €
Recibo: 14/09/11	Unión Fenosa Comercial S.L. B-82207275	Recibo de subministro de elec- tricidade á potabilizadora mes de xullo e agosto 2011	8.089,76€
28-K182-384611 01/11/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	189,33 €
TA3YL0576897 TA3YL0559148	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores	99,28 €
TA3YL0559147 TA3YL0573435 TA3YL0573820		Recibo teléfono servizos sociais	105,63 €
		Recibo teléfono xulgado de paz	25,52 €
		Recibo teléfono ascensor	16,67 €
		Recibo teléfono oficinas Con- cello	484,71 €
		Recibo teléfono fax concello	0,22 €
		Recibo teléfono baixo concello	68,69 €
		Recibo teléfono PAI	23,54 €
		Recibo teléfono miniresidencia	20,40 €
		Recibo teléfono ascensor mini- residencia	18,63 €
19/11/11			

5.2.- SOLICITUDE SERVIZO DE PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Teresa Gómez Cea

DATA DO INFORME: 24/11/2011

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARIA GUERRA BALADO - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como técnica en intervención familiar-psicológa do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de podoloxía a María Guerra Balado.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía.

5.3.- ESTUDO DE SOLICITUDES EN RELACIÓN Á CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A COMISIONS DE FESTAS.

5.3.1.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS ANDABAO.

Vista a seguinte solicitude:

D. Marcos Pampín Gómez, con DNI 78803641Y, e domicilio a efectos de notificación en Avda. Lugo, 12 2º A (Arzúa), no que solicita, en representación da comisión de festas de Andabao, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a San Martiño.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Andabao e comunicarlle ao solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados con presentación de factura/s ante a Xunta de Goberno Local.

5.3.2.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS BRATES.

Vista a seguinte solicitude:

D. José Sánchez García, con DNI 76517901Y, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Ciocende, 2 parroquia de Mercurín, no que solicita, en representación da comisión de festas de Brates, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor á Santa Lucía.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Brates e comunicarlle ao solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.3.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS BOIMORTO.

Vista a seguinte solicitude:

Dª. Olga Rodríguez Ares, con DNI 33256676X, e domicilio a efectos de notificación en Travesía Casal de Munín núm. 3 do núcleo urbano de Boimorto, no que solicita, en representación da comisión de festas de Boimorto, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a Santiago Apóstolo e Virxe do Rosario.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 1.000 € á comisión de festas de Boimorto e comunicarlle á solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.4.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS DORMEÁ.

Vista a seguinte solicitude:

D. Marcelino Gómez Enjamio, con DNI 78793264W, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Porcelle núm. 10, parroquia de Dormeá, no que solicita, en representación da comisión de festas de Boimorto, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a San Cristobo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Dormeá e comunicarlle á solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.5.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS ARCEO.

Vista a seguinte solicitude:

D. Juan José García Duro, con DNI 78796624G, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Canto do Balo núm. 20, parroquia de Arceo, no que solicita, en representación da comisión de festas de Arceo, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a San Vicente, San Antonio e San Roque.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Arceo e comunicarlle á solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.6.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS BOIMIL.

Vista a seguinte solicitude:

D. José Ramón Blanco Balado, con DNI 32825812M, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Vista Alegre núm. 10, parroquia de Boimil, no que solicita, en representación da comisión de festas de Boimil, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a San Miguel.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Boimil e comunicarlle á solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.7.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO CLUB ATLETISMO BOIMORTO.

Vista a seguinte solicitude:

D. Enrique Gutierrez Vázquez, con DNI 36116517P, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Arosa núm. 1, parroquia de Arceo, no que solicita, en calidade de vicepresidente da asociación Clube Atletismo Boimorto, unha axuda económica para adquisición de equipamento deportivo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 300 € ao Clube Atletismo de Boimorto e comunicarlle ao solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde, con efectos retroactivos a creación da asociación..

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.3.8.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A COMISIÓN DE FESTAS CARDEIRO.

Vista a seguinte solicitude:

D. Jesús García Cajide, con DNI 33190343D, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Xesteiras, 2, parroquia de Cardeiro, no que solicita, en representación da comisión de festas de Cardeiro, unha axuda económica para custear parte dos gastos das festas en honor a Pascua.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención directa de 200 € á comisión de festas de Cardeiro e comunicarlle á solicitante que deberá asinar un Convenio con este Concello, segundo o modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 30/04/09, Convenio que terá que ser asinado polo alcalde.

SEGUNDO.- Trala sinatura do Convenio, non se realizará o pago ata a xustificación dos gastos realizados tal e como se sinala no convenio.

5.4.- ESCRITO DE D^a. MARÍA JESÚS FILLOY BALSEIROS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DAS OBRAS “MEJORA DE CAMINO DE HOSPITAL Y OTROS (PARROQUIA DE ANDABAO)” E “MEJORA DEL CAMINO DE CTRA. AC-540 A PORCELLE Y OTROS (PARROQUIA DE DORMEÁ, CORNEDA Y RODIEIROS)”.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D^a. María Jesús Filloy Balseiros, en representación da empresa Antonio Filloy, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 1744 con data 21/11/2011, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, polas seguintes obras:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Mejora de camino de Hospital a Ponte y otros (Parroquia de Andabao)	3.316,43 €	05/11/2010
Mejora del camino de Ctra. AC-540 a Porcelle y otros (Parroquia de Dorneá, Corneda y Rodieiros)	1.934,66 €	28/10/2010

Vistos os informes emitidos polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 16/11/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución dos avais solicitados, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.5.- ESCRITO DE D. CARLOS MANUEL PRELCHI GALLEGO, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA “SENDERO DEL TRASVASE Y SENDERO DE LOS MOLINOS DE POUSSADA”.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Carlos Manuel Prelchi Gallego, en representación da empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 1746 con data 21/11/2011, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Sendero del trasvase y sendero de los molinos de Pousada	7.285,68	24/10/2008

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello, D. Ángel Delgado Cid, de data 22/11/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**
PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.6.- ESCRITO DE D. JOSÉ ÁNGEL GAREA SÁNCHEZ, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Dáse conta do escrito de D. José Ángel Garea Sánchez, con DNI número 33251008T e domicilio no lugar de Iglesia número 26, parroquia de Dormeá, Boimorto, solicitando a devolución da fianza de 60 €uros depositada con data 20/11/2007 para responder da reposición do firme por obras de acometida de conexión de explotación gandeira á rede de subministro de auga no lugar de Algalia, parroquia de Dormeá.

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 21 de novembro de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que as obras foron realizadas axeitadamente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE POSTAIS E FELICITACIÓNS DE NADAL 2011 DO CONCELLO DE BOIMORTO

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases do concurso de postais e felicitacións de Nadal redactadas en data 18/11/2011 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES DO CONCURSO DE POSTAIS E FELICITACIÓNS DE NADAL 2011 DO CONCELLO DE BOIMORTO

Bases que rexerán a convocatoria do concurso de postais e felicitacións de Nadal en galego do Concello de Boimorto e que se transcriben a continuación:

Primeira.- O obxecto deste concurso é fomentar a creatividade e o espírito navideño.

A época do Nadal ofrécenos unha excelente oportunidade para diferenciarnos con accións creativas enmarcadas na época que nos acontece. Coas postais e felicitacións de Nadal foméntase a creatividade, pódense transmitir valores e utilizarase como forma de felicitar dende este Concello o Nadal.

Segunda.- Poderán participar todos os alumnos do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto no apartado de concurso de postais e o resto de veciños/as deste Concello no apartado de concurso de felicitacións de Nadal.

Terceira.- Presentarase un debuxo/postal por alumno en lingua galega. Os debuxos/postais serán presentados ao titor de cada clase antes do día 15 de decembro de 2011. O titor escollerá as tres mellores postais que presentará á dirección do colexio e que serán os que o xurado valore.

Para o concurso de felicitacións de Nadal, para o resto de veciños/as, deberán facer chegar a súa felicitación de Nadal proposta ven vía e-mail (cultura@boimorto.es) xunto cos seus datos persoais e de contacto ou entregándoas en papel escrito en lingua galega, nas oficinas xerais do Concello, antes do día 15 de decembro, esta felicitación utilizaranse para felicitar estas datas de Nadal dende o Concello de Boimorto.

Cuarta.- Premiaranse dúas postais e unha felicitación.

Criterios de valoración:

- Temática relacionada co Nadal de 0 a 30 puntos
- Creatividade e orixinalidade de 0 a 30 puntos
- Mensaxe que transmita emocións de 0 a 20 puntos
- Que a postal/felicitación faga algunha referencia este a Concello de 0 a 20 puntos

Quinta.- O Xurado reunirase o día 19 de decembro de 2011 e estará composto polo Alcalde do Concello de Boimorto, a animadora sociocultural e a normalizadora lingüística do Concello de Boimorto. O veredito do xurado será inapelable. O fallo do xurado será emitido o día 20 de decembro de 2011.

Sexto.- Concederanse dous premios, para a categoría de postais de Nadal: un primeiro premio que será unha Nintendo Wii + xogo e un segundo premio que será unha bicicleta.

A entrega de premios terá lugar o día 22 de decembro no CPI Armando Cotarelo Valledor.

Na categoría de felicitacións de Nadal haberá un so premio, unha *cámara de fotos dixital*.

Estes premios serán con cargo a partida 33.48100 do actual presuposto de gastos.

Sétima.- O feito de participar neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Boimorto, 18 de novembro de 2011

A animadora sociocultural

A normalizadora lingüística

Yolanda Barreiro Garea

Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases do concurso de postais e felicitacións de Nadal redactadas en data 18/11/2011 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.8.- ANULACIÓN RECIBOS UNIÓN FENOSA COMERCIAL S.L.

Vistas as facturas Unión Fenosa Comercial S.L. con CIF B-82207275 que corresponden a recibos non domiciliados, aprobados por Xunta de Goberno Local 25/08/2011 número de factura 03110610042389 con data 07/06/2011 de subministro enerxía eléctrica para polideportivo por importe 158,66 euros; factura nº 03110610037620 con data 07/06/2011 de subministro de enerxía eléctrica para campo de fútbol por importe de 510,88 euros; factura nº 03110610051363 con data 08/06/2011 de subministro enerxía eléctrica para casa consistorial por importe de 721,94 euros e factura número 03110610041778 cond ata 07/06/2011 de subministro de enerxía eléctrica para grupo escolar por importe 901,87 euros que figuran no rexistro de intervención deste concello respectivamente cos números 456, 457, 458 e 459. Advertindo que todas as facturas reseñadas conteñen o erro de figurar como titular de pago o Ayto. A Bola.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Anular as numeracións de rexistro de intervención 456, 457, 458 e 459 que correspondían ás facturas emitidas por Unión Fenosa Comercial S.L. descritas anteriormente polo motivo de erro no titular do pago.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:23 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a vinte e oito de decembro de dous mil once.=====



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez